



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Moeche - REGULAMENTO PARA A EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO (A) E ACCESIBILIDADE (B), PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ, DO CONCELLO DE MOECHE

Publicación provisional : 10-02-2006 BOP Nº 34 -- Publicación definitiva : 10-02-2006 BOP Nº 343

Redacción Aplicable desde 28-02-2006

Redacciones

- [Artigo 1. Obxecto:](#)
- [Artigo 2. Titulares das tarxetas:](#)
- [Artigo 3.-Requisitos:](#)
- [Artigo 4.-Documentación a presentar:](#)
- [Artigo 5.-Procedemento:](#)
- [Artigo 6.-Características das Tarxetas:](#)
- [Artigo 7.-Validez , caducidade e renovación das tarxetas:](#)
- [Artigo 8.-Uso da tarxeta:](#)
- [Disposición Final:](#)

Artigo 1. Obxecto:

O obxecto do presente regulamento é a expedición das tarxetas seguintes:

A) Tarxeta de estacionamento os/as veciños/as con graves problemas de mobilidade, como documento acreditativo da súa situación, con carácter persoal e intransferible, coa finalidade de favorecer o uso e goce dos transportes privados e para que as persoas titulares da mesma poidan gozar das facilidades de estacionamento relacionadas con ela.

B) Tarxeta de accesibilidade de usuarios/as, ás persoas con algunha limitación, con carácter persoal e intransferible, como documento acreditativo da súa situación de discapacidade en orde a favorecer o uso e goce dos transportes públicos.

Artigo 2. Titulares das tarxetas:

2.1.-Serán titulares da tarxeta de estacionamento , aquelas persoas empadroadas no Concello de Moeche que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polos equipos de Valoración e Orientación de Minusvalideces (EVO), dependentes da Xunta de Galicia.

Cando o titular de calquera das tarxetas sexa persoa física poderá empregala en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa ou non conductor/a do vehículo.

No caso de ser unha persoa xurídica deberá incluí-la/s matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade.

2.2.-Serán titulares da tarxeta de accesibilidade de usuarios/as aquelas persoas que, estando empadroadas no Concello de Moeche, teñan recoñecida a condición de minusválidos/as polo EVO correspondente, nun grao igual ou superior ó 33%.

Artigo 3.-Requisitos:

1.-Estar empadroado/a no Concello de Moeche.

2.-Ter recoñecida a condición de minusválido/a polo EVO, que reflecta a imposibilidade de uso de transporte público (para as tarxetas de estacionamento).

3.-Ter recoñecida a condición de minusválido/a polo EVO, nun grao igual ou superior ó 33% (para a expedición da tarxeta de accesibilidade)

Artigo 4.-Documentación a presentar:

4.1.-Para a tarxeta de estacionamento.

Para obter a referida tarxeta deberá presentarse a seguinte documentación:

1.-Solicitud e impreso oficial normalizado segundo o modelo que se achega, como anexo I, que se lle facilitará no Departamento de Servizos Sociais do Concello, achegando:

1.1.-Xustificante de estar empadroado/a no Concello de Moeche.

1.2.-Fotocopia do DNI do/a solicitante e/ou representante legal.

1.3.-Certificado de minusvalidez expedido polo EVO , no que se faga constar, no seu caso, a imposibilidade de facer uso do transporte público (se obrase no seu poder).

1.4.-Unha fotografía tamaño carné.

1.5.-Fotocopia do permiso de conducir, tanto no caso de que o/a conductor/a sexa o/a minusválido/a como se o/a que o/a transporta habitualmente é outra persoa.

1.6.-Declaración xurada do/a conductor/a habitual do vehículo alegando a devandita condición, no suposto de que non sexa o/a propio/a minusválido/a.

1.7.-Fotocopia do permiso de circulación do vehículo.

1.8.-Fotocopia do xustificante do pago do último recibo do imposto municipal sobre vehículos.

4.2.-Para a tarxeta de accesibilidade:

Para obter a referida tarxeta deberá presentarse a seguinte documentación:

1.-Solicitud e impreso oficial normalizado segundo o modelo que se achega, como anexo II, que se lle facilitará nos Servizos Sociais do Concello, achegando:

- 1.1.-Certificado de empadramento no Concello de Moeche.
- 1.2.-Fotocopia do DNI do/a solicitante
- 1.3.-Cualificación do grao de minusvalía expedida polo EVO, no que se lle recoñece con carácter permanente un grao de minusvalía igual ou superior o 33%.
- 1.4.-Unha fotografía tamaño carné

Artigo 5.-Procedemento:

5.1.-Correspóndelle ó Concello de Moeche a expedición das tarxetas de estacionamento e accesibilidade de usuario/as a través do seguinte procedemento:

- a) A solicitude, citada no artigo anterior, presentaráse no Rexistro Xeral do Concello, iniciándose o expediente por instancia da persona interesada ou de quen o represente.
- b) Cando o/a solicitante non dispoña de certificado de cualificación do grao de minusvalidez (para a tarxeta de accesibilidade) ou non conste o recoñecemento expreso da imposibilidade de uso do transporte público (para a tarxeta de estacionamento) , o Concello de Moeche achegará unha copia da solicitude da tarxeta de estacionamento ou da tarxeta de accesibilidade ó EVO correspondente, para a realización do informe preceptivo e vinculante para a resolución do expediente.
- c) Informe-Proposta dos Servizos Sociais Municipais ó Sr. Alcalde, quen dictará a resolución procedente, concedendo ou denegando a tarxeta solicitada.
- d) A resolución será notificada á persoa interesada de acordo, co procedemento establecido na Lei 30/92 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez concedidas, as tarxetas (de estacionamento ou de accesibilidade), deberán ser asinadas polo/a titular para logo ser plastificadas.

5.2. En caso de cambio de municipio de residencia do/a beneficiario/a de calquera das tarxetas deberáse solicita-lo traslado de expediente ó novo concello.

Artigo 6.-Características das Tarxetas:

- a) A tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalideces é un documento acreditativo da súa situación, e ten carácter persoal e intransferible.
- b) O/A titular da tarxeta poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta o conductor/a do vehículo ou non.
- c) Cando se faga uso dos dereitos que outorga esta tarxeta colocaráse nun lugar visible do vehículo.
- d) As tarxetas emitidas por este Concello, cumpriran coa normativa vixente en canto á concesión e formato .
- e) En caso de cambio de municipio de residencia do/a titular da tarxeta, será este o que deba solicita-lo traslado do expediente ó novo concello.

Artigo 7.-Validez , caducidade e renovación das tarxetas:

7.1.-Con respecto a validez establécese que:

- a) As tarxetas terán validez no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e nos países da Unión Europea

7.2.-Con respecto a caducidade establécese que:

- b) Se a cualificación da minusvalidez é permanente, as tarxetas caducarán ós dez anos da súa concesión.
- c) Se a cualificación da minusvalidez é provisional, as tarxetas caducarán cando transcorra o prazo da devandita cualificación.

7.3.-Con respecto a renovación establécese que:

- d) Cando a tarxeta sexa concedida provisionalmente, para a súa renovación deberá seguirse o procedemento descrito no apartado anterior (punto 5.1)
- e) o/a titular de calquera das tarxetas, deberá solicitar unha nova no mes anterior a data de caducidade da que teña expedida.
- f) Para proceder á renovación das tarxetas os/as interesados/as deberán aportar, canta documentación lle sexa requirida para certificar que a minusvalidez orixe da demanda, manténse.

Artigo 8.-Uso da tarxeta:

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de xeito reiterado e debidamente probado, con independencia da sanción pecuniaria que no seu caso puidese recaer no procedemento sancionador incoado para tal efecto, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos polo órgano que a outorgase.

Disposición Final:

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que sexa publicado integramente no BOP e transcorra o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.